

MOCIÓN DE AER SOBRE CONTRATOS DO CONCELLO

PLENO 31 XULLO 2014. ACTA 10/2014

“Nos últimos anos ven sendo unha preocupación común o problema da corrupción, e semellan estar todos de acordo en que a transparencia supón o mellor medio para a loita contra esa lacra.

No seu momento presentamos unha moción, que foi rexeitada por todos os partidos do pleno, propoñendo un modelo que fixera posible a fiscalización, por parte da oposición, das contratacións que desde o Concello se fan polo método directo sen publicidade.

Entendendo que este é un tema recorrente a nivel estatal e que se están a publicar os índices de transparencia das diferentes entidades administrativas, propoñemos situar a Redondela no máis alto dese índice.

Dado que no seu momento pareceulles moi complicado o sistema de ter un listado de empresas ordenadas por sectores de servizos, obras, etc., e co ánimo de adaptarnos a modelos máis sinxelos, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes **acordos**:

Que cada vez que se realice unha contratación directa sen publicidade, se comunique aos voceiros de tódolos grupos os seguintes datos:

- **Modelo de invitación transmitido ás diferentes empresas.**
- **Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas invitadas.**
- **Obxecto do contrato.**
- **Importe do contrato.**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, ésta é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes por once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez votos en contra (10 do PP).